


CULTURA ▾ SOCIEDAD

O contacontos 'Kalopsia' percorre catro concellos coruñeses achegando a UE ao público infantil

POR REDACCIÓN A CORUÑA · PUBLICADO 16/10/2023

COMPARTE

**Contacontos**

Para descubrir a UE
dende o espacio exterior!
De 6 a 12 anos
Con intérprete de lingua de signos

-A Baña
-Vedra
-Ares
-Biblioteca Provincial



COMPARTE



As paradas serán en A Baña, Vedra, Ares e na Biblioteca Provincial da Deputación na Coruña

O espectáculo **Coñece Europa con Kalopsia** percorrerá catro puntos da provincia da Coruña nos vindeiros meses para achegar a Unión Europea a nenos e nenas. Esta actividade forma parte da programación que EUROPE DIRECT A Coruña ofrece aos concellos adheridos á rede **Europa no teu Concello** e poderá verse nos concellos de A Baña, Vedra e Ares e na Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña.

Coñece Europa con Kalopsia é un obradoiro de contacontos que explica ao público infantil dunha maneira sinxela e entretilda o funcionamento e valores da UE. A sesión comezará cun achegamento a algúns contos e libros infantís europeos para coñecer un pouco da tradición literaria da Unión Europea e as diferentes culturas que a compoñen.

A continuación, o público poderá escutar a narración do libro *Kalopsia. Un planeta non tan diferente: descubre Europa desde o espacio exterior*, editado pola Representación da Comisión Europea en España. O conto está pensado para que os nenos e nenas coñezan a orixe da Unión Europea e entendan que a diversidade é un valor que nos enriquece.

Para rematar, os cativos converteranse en protagonistas e poderán xogar a formar os seus propios países e alianzas. A actividade contará con intérprete de lingua de signos para garantir a accesibilidade.

A primeira representación terá lugar o 18 de outubro ás 17 horas na Axencia de Lectura do Concello da Baña. A seguinte parada será na Biblioteca Provincial, axendada para o 27 de outubro ás 18 horas. A continuación será a quenda do Concello de Vedra, que acollerá o espectáculo o 8 de novembro ás 18 horas na Biblioteca Municipal. A última función deste ano celebrarase o 15 de

novembro ás 18 horas na Alianza Aresana do Concello de Ares.

Para máis detalles sobre a asistencia é preciso contactar cos concellos. Tamén hai información xeral na [páxina web](#)

ETIQUETAS Contacontos, deputacion a coruña, Europe Direct A Coruña, UE

Comparte éste artículo

FACEBOOK

X TWITTER

in

en

pt




ESCRIBE TU COMENTARIO

Noticias relacionadas



INTERNACIONAL | SOCIEDAD

La mejor actitud para ahorrar agua es ver el vaso medio lleno



Yasuhiro Yotsumoto

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

CULTURA

Fundación Vicente Risco. Exposición fotográfica de Yasuhiro Yotsumoto, CAMIÑO



Piensenradio la Radio que se oye y se toca

SOCIEDAD | Inauguración de la Exposición 'Toca la Radio'



CULTURA | A CORUÑA

Inés Rey manifestalle o "orgullo de toda a cidade" a Yolanda Castaño polo Premio Nacional de Poesía



CARGAR MÁS

LABORAL | GASTRONOMÍA

Xornada de formación en Hostalaría Compostela